



Expediente núm.: 63/2022

Procedemento: Aprobación da Oferta de Emprego Público extraordinaria para un proceso de estabilización do emprego temporal

Asunto: Resolución da Alcaldía publicando o resultado do procedemento e realizando o chamamento dos candidatos seleccionados

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº / 2022

En relación co proceso de estabilización do emprego temporal que, ao abeiro do disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, se está levando a cabo neste Concello para a provisión das prazas de Administrativo e Conductor-oficial encargado de obras e servizos,

Visto o contido da Acta do Tribunal de selección que o pasado 14 de decembro de 2022, no Salón de Plenos deste Concello, se encargou de dirimir o precitado proceso, na que se acorda “*elevanto á Alcaldía do Concello de Negueira de Muñiz a seguinte proposta de selección:*

Para a praza de Administrativo, proposta de selección en favor de D^a Jovita Graña Fernández

CANDIDATO	DNI	Formación	Experiencia	TOTAL
JOVITA GRAÑA FERNÁNDEZ	***2134**	40	60	100

Para a praza de Conductor-oficial encargado de obras e servizos, proposta de selección en favor de D. Armando Álvarez Rodríguez.


CANDIDATO	DNI	Formación	Experiencia	TOTAL
ARMANDO ÁLVAREZ RODRÍGUEZ	***4806**	24	60	84

En uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, e de conformidade cos artigos 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e 33 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar a proposta do Tribunal respecto da contratación como persoal laboral fixo dos candidatos antes referidos.

SEGUNDO. En cumprimento do establecido no art. 10 das Bases reguladoras do proceso ao que se ven aludindo, e no art. 33 do RD 364/1995, outorgar aos aspirantes seleccionados un prazo de 5 (cinco) días hábiles para que presenten, no Rexistro Electrónico do Concello ou a través das formas



establecidas no artigo 16.4 da vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, que se deberán presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa;
- Certificado Médico Oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto;
- Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente;
- Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) do título esixido ou Certificación académica dos estudos realizados;
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria;

TERCEIRO. Dar traslado da presente resolución ao Libro de Decretos da Corporación, así coma dar conta do contido da mesma ao Pleno da Corporación na seguinte sesión ordinaria que se celebre, todo elo de conformidade co artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba ou Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O manda e asina en Negueira, na data da firma electrónica reflectida ao marxe, D. José Manuel Braña Pereda, Alcalde-presidente, do que eu, Carmen Gómez Otero, Secretaria-interventora, dou fe.

O Alcalde-presidente
José Manuel Braña Pereda

A Secretaria-interventora
Carmen Gómez Otero

DOCUMENTO FIRMADO ELECTRÓNICAMENTE

